

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

12

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info \[dir.ec.equidade@uvigo.gal\]\(mailto:dir.ec.equidade@uvigo.gal\)](mailto:dir.ec.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible. [+Info](#)

AXENDA

XULLO

L	M	MÉ	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6 Día Internacional das Cooperativas	7 Día Mundial da Inocuidade Alimentaria	8	9
10	11 Día Mundial da Poboación	12	13	14	15	16
17	18 Día Internacional de Nelson Mandela	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30 Día Mundial contra a Trata
31 Fin de prazo solicitude de bolsas de protección internacional						

CHAVES DESTE NÚMERO

A metodoloxía Aprendizaxe Servizo no marco da Axenda 2030



O aprendizaxe servizo é un enfoque educativo que combina a adquisición de coñecementos e habilidades coa realización de actividades de servizo comunitario. Neste enfoque, os estudantes teñen a oportunidade de aplicar o que aprenden na aula para abordar necesidades reais da comunidade e contribuír á súa mellora.

A Universidade de Vigo é unha institución responsable socialmente e como tal debe servir de axente activo para cumprir cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030 aprobada polas Nacións Unidas. Por esta razón, o Plan Estratéxico 21-26 da Universidade organízase arredor dos 17 ODS. Este enfoque educativo promove a reflexión crítica e o compromiso cidadá ao conectar o aprendizaxe académico co servizo á comunidade. Os estudantes non só adquiren coñecementos teóricos, senón que tamén aprenden sobre a importancia de contribuír ao benestar dos demais e traballar para solucionar problemas sociais.

Deste xeito, dende a Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade da Universidade de Vigo publícase a convocatoria de proxectos de Aprendizaxe-Servizo 2023-24 no marco da Axenda 2030 e dos seus ODS. As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica con destino á Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade desde o día seguinte da publicación ata o 30 de xuño de 2023. [+Info](#)

Bolsas para estudantes en situación de protección internacional

A Universidade de Vigo publica por terceiro ano a súa convocatoria de bolsas para persoas en situación de refuxio ou solicitantes de protección internacional. Esta convocatoria está destinada tamén para persoas apátridas e para as persoas en situación de protección temporal por causa da Guerra de Ucraína.

O prazo para presentar solicitudes está aberto ate o día 31 de xullo. [+Info e solicitude](#)

III Edición do Concurso de vídeos "Móvete polos ODS".

A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), convoca o III Concurso de vídeos "Móvete polos ODS", co obxectivo de dar a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) de Nacións Unidas e sensibilizar á comunidade universitaria, e

á sociedade en xeral, sobre a importancia de que todas as persoas formemos parte da solución aos grandes retos mundiais sobre a desigualdade, o cambio climático, a perda da biodiversidade, etc.

Poderán presentarse ao certame de maneira individual ou en grupo, todo o alumnado matriculado nas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña no curso 2022/23.

O dito Concurso está aberto a vídeos de 1 min. de duración en formato mp4, a temática terá unha relación directa coa contribución á Axenda 2030 e ós seus Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. O prazo para presentar solicitudes remata o 30 de setembro do 2023. [+Info e inscrición.](#)



FORMACIÓN

Estudos de desenvolvemento na era da crise. No marco da Conferencia Xeral EADI CEeA 2023, EADI, o Centro de Estudos Africanos e de Desenvolvemento (CEeA) e a Fundación Calouste Gulbenkian (CGF) organizan a Dudley Seers Lecture, co tema Estudos de Desenvolvemento na Era da Crise, a cargo de Alfredo Saad-Filho (King's College London). O 10 de xullo (19:00h. CEST), en formato bimodal desde Lisboa e aberta ao público. [+Info](#)

MÁSTER PROPIO COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO (Universidad de Zaragoza). En xuño ábrese o prazo de preinscrición para o curso 2023/24. Dende unha lectura crítica da Axenda 2030 e dos ODS, profundaremos nos fundamentos da acción global contra a pobreza, a desigualdade e a inxustiza, os seus desafíos e os seus límites, sen omitir as responsabilidades compartidas dende os países do Norte. Apostamos por unha cooperación cosmopolita, non etnocéntrica, decolonial, inclusiva, equitativa, democrática, feminista, ecoloxista e decrecentista. Por un desenvolvemento compatible coa vida e o futuro común de todas e todos. [+Info e inscrición](#)

UNIA. A Universidade Internacional da Andalucía (UNIA) inaugura (formato virtual) en Baeza, de 17 a 19 de xullo, o Workshop de Patrimonio 2023: Patrimonio, ética e sustentabilidade. Bens comúns culturais diante da Axenda 2030. Envío de pósteres até 30 de xuño. [+Info](#)

IV Escola de Voluntariado de Mans Unidas

Mans Unidas organiza a IV Escola de Voluntariado do 10 ao 13 de agosto en A Coruña.

A actividade desenvolverase como un campamento de voluntariado para a sostibilidade nas instalacións da Asociación Raiña Paraiso en Vilasantar (A Coruña).

A Escola de voluntariado de Mans Unidas Galicia é unha proposta formativa e vivencial dirixida a mozas e mozos galegos de entre 18 e 35 anos, que pretende dotarlles de ferramentas e capacidades para o traballo en favor da Axenda 2030, mellorando a comprensión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e do papel fundamental que a cidadanía, a través do voluntariado, ten para lograr superar as inxustizas e desigualdades existentes na actualidade.



O proceso de inscrición finaliza o 25 de xullo. As prazas confirmaranse a través do enderezo electrónico, previo pago por transferencia bancaria da inscrición (consultar na web).

Para máis información podes escribirlles á dirección educacion.galicia@manosunidas.org ou entrar en [+Info](#)

BOLSAS

Becas Luis Vives 2023-2024 VSCVS-UV (CÁTEDRA UNESCO). A vicerreitoría de Sustentabilidade, Cooperación e Vida Saudable (VSCVS) da Universidade de Valencia (UV), co apoio da Cátedra UNESCO de Estudos sobre Desenvolvemento, socia de REEDES, convoca as bolsas Luís Vives para estudos de mestrado oficial. Destinadas a graduados de áreas de especial impacto no desenvolvemento. Até o 26 de xuño. [+Info](#)

IX Edición do Premio de Dereitos Humanos Rei de España. A Universidade de Alcalá e o Defensor do Pobo convocan a IX edición do Premio de Dereitos Humanos Rei de España. Convócase agora a IX edición deste premio coa difusión das súas bases e o inicio da fase de presentación de candidaturas, que comezará o próximo día 27 de marzo e finalizará o 31 de xullo do presente ano. [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

A **Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (AGARESO)** é unha organización sen ánimo de lucro, formada por un colectivo de profesionais do mundo da comunicación en Galicia que cren no poder da comunicación como ferramenta de transformación social. O seu principal obxectivo é utilizar as ferramentas de comunicación para acadar esa transformación social positiva a través de proxectos de Cooperación Internacional, Educación para o Cambio e Acción Social.

Creada en maio de 2008, AGARESO defínese como unha organización non gubernamental de desenvolvemento laica, comprometida politicamente pero apartidista. Estamos convencidas e convencidos de que a comunicación é unha disciplina imprescindible cara a unha reflexión social colectiva, o empoderamento das persoas, a defensa dos dereitos humanos e o desenvolvemento dos pobos. Os seus membros están comprometidos co deseño, a produción, realización e difusión de proxectos que contribúan á creación dunha cidadanía máis crítica e capacitada para a loita contra a desigualdade global.

E neste momento conta con 9 membros na Xunta Directiva e 9 persoas asalariadas. Ningún dos membros do órgano de dirección comparte cargos ou postos en ningunha institución política, sindical ou da administración pública fóra de Agareso.



AGARESO
Asociación Galega de Comunicación
para o Cambio Social

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)